

Texto: **PAULA CARBALLEIRA**
Ilustracións: **PABLO OTERO**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.
40 páxinas a toda cor
Dispoñible en:


-Castelán: "Mateo". Libros para Soñar
ISBN 978-84-8464-017-2

-Galego: "Mateo". Demademora
ISBN 84-95123-27-4

Prezo: 13 €

Ía Mateo pola rúa da man da súa nai, Altisidora, cando pasou voando, alá arriba no ceo, un avión a raias laranxas. Mateo mirou o avión e seguiu coa vista...

...Mateo sorriu, saudou o avión, volveu sorrir, e sorriu unha vez máis, agora para a súa nai Altisidora. Pero Altisidora non estaba a carón de Mateo...



MENCIÓN DE HONRA NO PREMIO LLIBRETER (GREMIO DE LIBREIROS DE CATALUÑA)

"Mateo" recrea un ambiente urbano, presenta a cidade a través dos ollos dun neno, e amósalles aos lectores un xogo de perspectivas que culmina nun final sorprendente, posto que as cousas cosas non sempre son como parecen.

...Porque, de súpeto, Mateo descobre que se atopa só e decátase de que ten que atopar a súa nai. Que pode ser dela, pobriña, perdida en semellante barafunda de xente?

Dende o punto de vista literario, destaca o ritmo cambiante da narración, polo que se converten nun conto para ler e xogar. Esteticamente, "Mateo" é unha obra innovadora, cunhas ilustracións orixinais e unha tipografía diferente á convencional. En conxunto, texto e ilustracións forman unha obra chea de espontaneidade creativa.

PAULA CARBALLEIRA (Fene, 1972)

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Completou a súa preparación no eido artístico con cursos de interpretación, técnicas de actor e expresión corporal. Como contacontos, faceta á que se adica dende 1994, traballou en programacións culturais en Galicia e no resto de España, Portugal, Brasil e Chile, entre outros países. Na súa traxectoria como actriz está vinculada ao grupo de teatro Berrobambán; tamén participa en series de ficción para a Televisión de Galicia. Un dos seus últimos proxectos é a montaxe teatral infantil "A cabana de Babaigá", do Centro Dramático Galego. Como autora de literatura infantil e xuvenil publicou unha decena de títulos, entre os que tamén destacan "Paco" e "Smara", editados por KALANDRAKA.

PABLO OTERO (Ourense, 1970)

Iniciou a súa traxectoria na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Expuxo os seus debuxos, esculturas e pinturas en diversas galerías de Ourense. Ademais de "Mateo", tamén ilustrou para KALANDRAKA "O príncipe das sombras" -na colección Sete Leguas- e "ABCdiario", da colección Alfabetos. Colaborou na revista galega de cómic 'Golfinho'. Tamén se relacionou co ámbito teatral, mediante traballos de decorado, vestuario e cartaces. Recibiu, entre outras distincións, o 1º Premio de Escultura no 'I Salón de Arte Xoven de Ourense' (1992), o María Casares de Escenografía (1999) e un accésit do Premio Lazarillo.

- **Temática:** un neno perdido na cidade
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos
- **Aspectos destacables:** mención de honra no Premio Llibreter; entorno urbán; relación entre adultos e nenos; proposta artística vangardista; tipografía integrada nas ilustracións

